
X CONCURSO FOTOGRÁFICO XUVENIL “Nin unha Máis” IES POLITÉCNICO DE VIGO

A Vicedirección do IES Politécnico de Vigo en colaboración coa profesora responsable de Audiovisuais e o profesorado responsable da Área de Igualdade, convoca o **X Concurso Fotográfico Xuvenil “Nin unha máis”** co obxectivo de fomentar valores que eliminen a discriminación que permite a existencia da violencia contra as mulleres.

Este tipo de violencia é un problema social arraigado nunha estrutura machista que inflúe en todos os ámbitos da vida, xa que logo é a sociedade no seu conxunto responsábel de previr e erradicar o machismo e o maltrato contra as mulleres, sendo necesaria a xeración dunha cultura da igualdade, a través da colaboración social, para poder previr estas condutas, detectar calquera síntoma de violencia e actuar ante a mesma.

BASES DO CERTAME

Primeira.- Participantes

Poderá participar calquera **xove fotógrafo/a entre 12 e 25 anos.**

Establécense **dúas categorías** por idades:

- a) De 12 a 16 anos.
- b) De 17 a 25 anos.

Segunda.- Temática

A temática do concurso será a conmemoración do 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia Contra as Mulleres. **Valorarase positivamente aquelas obras que traten o tema desde unha perspectiva preventiva: Que entendemos por unha relación sentimental entre iguais?**

Terceira.- Condicións das obras

Cada participante poderá presentar un máximo de 3 fotografías. **Cada imaxe debe ter un título que axude a comprender a mensaxe da obra.**

Non se aceptarán fotografías premiadas con anterioridade noutros certames ou concursos.

A persoa participante manifesta e garante que é a/o única/o titular de todos os dereitos de autoría sobre a fotografía que presenta ao concurso e responsabilízase totalmente de non existiren dereitos de terceiras persoas nas obras presentadas, así como de toda reclamación de terceiros por dereitos de imaxe.

As/os menores de idade deben estar autorizadas/os para a publicación dos seus dereitos de imaxe, sen a cal non poderán protagonizar ningunha fotografía.

Cuarta.- Condicións de participación

A inscrición e envío das fotografías ao concurso farase a través do enderezo de correo electrónico **ies.politecnico.vigo@edu.xunta.gal** indicando no Asunto X CONCURSO FOTOGRÁFICO “NIN UNHA MÁIS”, facilitando no texto do correo os seguintes datos:

Nome e apelidos

Nivel, curso e grupo.

Enderezo de correo electrónico de contacto

Título da obra

Instituto no que está matriculado/a (se non é o Politécnico de Vigo)

Presentación dos traballos

As fotografías deben presentarse en formato dixital. Deben de ser arquivos JPG e ter un tamaño mínimo de 2048 x 2048 píxeles. O peso de cada arquivo non debe exceder o máximo de 5 Mb. Cada fotografía deberá enviarse con cadanseu correo electrónico, aceptándose apenas unha fotografía por cada envío.

Período de presentación

Até o 18 de novembro de 2024

Quinta.- Formación do xurado

O xurado, que respetará a igualdade de xénero na súa composición, estará presidido pola directora do IES Politécnico de Vigo e composto polos seguintes membros:

- A vicedirectora.
- O responsable da Área de Igualdade do instituto.
- Un profesor/a do Departamento de Debuxo.
- A responsable de Medios Audiovisuais do Instituto, que actuará como secretaria.

Sexta.- Selección de obras

O xurado realizará unha selección daquelas fotografías que, pola súa calidade, poderán ser obxecto de exposición no instituto. De entre todas as obras seleccionadas elixiranse as **dúas gañadoras, unha por categoría**.

Rexeitaranse aquelas fotografías que puidesen ser ofensivas á intimidade persoal, familiar ou a propia imaxe das persoas. Valorarase a creatividade e a calidade fotográficas, así como a contribución das imaxes presentadas ao tema proposto.

O fallo do xurado será definitivo e inapelábel.

Finalizado o prazo de presentación, o fallo do xurado publicárase na páxina web do instituto.

Sétima.- Premios

Premio categoría de 12 a 16 anos: Vale regalo na tenda de material de debuxo e pintura “Arte y Cerámica” (Rúa Urugüay, 10, Vigo) por importe de **60€**.

Premio categoría de 17 a 25 anos: Vale regalo na tenda de material de debuxo e pintura “Arte y Cerámica” (Rúa Urugüay, 10, Vigo) por importe de **60€**.

Oitava.- Cesión e autorización de dereitos

Os dereitos de autor/a mantéñense, cedendo gratuitamente as/os autoras/es das fotografías seleccionadas e premiadas ao IES Politécnico de Vigo os dereitos de uso, reprodución, difusión, distribución, publicación, transformación, así como calquera outro dereito de explotación que puidese dar lugar, sobre as obras fotográficas, por si ou por terceiros, sen limitación de tempo, citando sempre que sexa posíbel o nome do/a autor/a.

Novena.- Entrega de premios

Os premios entregaranse nun acto público o luns 25 de novembro de 2024 no vestíbulo do instituto.

Décima.- Aceptación das bases

O feito de participar no concurso supón a total aceptación destas bases e dos seus termos e condicións.